# Oda ás nais perennes...

## Moncho Iglesias

*Edicións Positivas. 47 páxinas*

Este poemario está feito de palabras berradas de entre burkas de formigón e oracións rezadas nos ocasos dos días sen música. "ladaíña de angustias prostradas ante as apostas pecadoras, algunha vez plausibles entre ouvintes mudos sentados en cadeiras de oliveiras. Unha oda escrita en pergameos, coma epitafio aos nenos caducos de mente perenne. Este é o primeiro libro en galego de Moncho Iglesias, que reside en Belén por motivos de traballo. Nas súas páxinas o autor plasma as súas vivencias de cada día e reflicte as inxustizas que padece un pobo asoballado pola irracionalidade.

